

# Fronda


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 60

ano 10

setembro-outubro 2015

## Franciscanos e clarisas en Ourense (IV) EXCLAUSTRACIÓN E RETORNO



No ano 1883, case medio século despois da **exclaustración**, os franciscanos retornaron á cidade de Ourense. Un grupo de frades procedentes de Santiago de Compostela constituíronse en comunidade baixo a advocación de “**Nuestra Señora de Vistahermosa**”, xunto á capela do mesmo nome que lles serviu de templo conventual. Esta capela fora edificada en 1868 sobre outra anterior na “Granxa de Vistahermosa” por iniciativa do propietario deste predio, o rico comerciante **Fernando Pérez Bobo**.

O predio estaba situado nos arredores da cidade, en **Ervedelo**, e aparece representado no documento que protagoniza este número de *Fronda*: un dos planos que a finais do século XIX serviron para executar as obras de mellora da estrada que unía a cidade de Ourense con San Clodio (Leiro). No tramo correspondente á **estrada de Reza** que discorre pola beira do Miño debuxouse o camiño que levaba ao “**Convento de Herbedelo**” onde aparecen situada capela, o edificio conventual e os terreos circundantes.

En 1925 os franciscanos crearon unha nova casa situada no **Campo de San Lázaro**. Alí levantaron un

novo templo no que integraron as ábsidas, o cruceiro e a portada da **igreja gótica** do antigo Convento de San Francisco. Nesta iniciativa tivo un papel moi activo o padre **Doroteo Calonge** quen tamén historiou a presenza franciscana na cidade de Ourense na súa obra “*Los tres conventos de San Francisco de Orense*”.

O título alude a tres das casas ourensás desta orde: a do século XIII na zona da praza do Correxedor, a de principios do XV nas faldras de Montealegre, e a do convento de San Lázaro, onde se instalan en 1925. Porén, o P. Calonge omite no seu libro a casa de Vistafermosa, que sería o cuarto convento. O certo é que durante algún tempo en Ourense coexistiron de facto dúas comunidades de franciscanos: a de San Lázaro e a de Vistafermosa. En 1928 péchase definitivamente o convento deste nome, pasando a propiedade do predio á diocese.

1886, Ourense.  
Fragmento do plano do proxecto da estrada de Reza realizado polo enxeñeiro León Domercy. “Trazo 1º, Orense a San Clodio por Castrelo”.  
Escala 1:5000; 195 x 32 cm  
AHPou, Delegación Provincial do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo de Ourense, C. 3005.

## Exclaustración e Desamortización

A **Desamortización eclesiástica** promovida polo Estado Liberal, tras a súa definitiva implantación na década de 1830, pretendía poñer no mercado inmobiliario as terras e bens das institucións que cunha ineficaz administración bloqueaban o desenvolvemento da economía capitalista. Ademais deste móbil, a medida tamén tiña obxectivos facendísticos e políticos. Coa nacionalización e posterior venda do **patrimonio eclesiástico** o Estado perseguía sanear unha galopante débeda pública, así como erosionar o omnímodo poder da Igrexa española, abertamente hostil a un novo réxime que lle arrebatara os seus vellos privilexios.

As medidas desamortizadoras decretadas en 1835 polo ministro Mendizábal, supuxeron, entre outras cousas, o peche de mosteiros e conventos masculinos e a conseguinte **exclaustración** do clero regular, é dicir, a disolución das comunidades relixiosas que, como os franciscanos, vivían segundo unha regra ditada polo fundador da orde. En 1836 tamén se decretou a exclaustración e supresión dos **conventos femininos** que contasen con menos de 20 monxas, ou que non se adicasen á beneficencia ou ao ensino primario.

A Desamortización non cumpríu co fin económico que a motivara, supuxo a ruína de xoias arquitectónicas e o **expolio** e a **destrución** de boa parte do patrimonio histórico-artístico dos conventos, así como a perda de moito do seu patrimonio bibliográfico e documental. Os cinco conventos franciscanos da provincia de Ourense correron sortes diferentes. Os edificios aos que se lles deu uso público, como o de Ourense, puideron subsistir. Tamén resistiron en pé as **igrejas** nas que se mantivo o culto (Ourense, Ribadavia e A Limia), pero os **edificios conventuais** vendidos en poxa pública, como o da Limia (Trandeirás), acabaron arruinándose. Houbo casos, como o de Monterrei, nos que o Estado lle entregou parte do convento aos veciños e ao concello para que fixeran uso da pedra como pavimento das rúas da vila e da igrexa parroquial.

O edificio e a horta de **San Francisco de Ourense**, situados desde mediados do século XIV na ladeira de Montealegre, foron entregados ao Exército para darlle uso de **cuartel militar** mentres a Igrexa e a capela da Venerable Orde Terceira quedaron ó coidado do bispado. Pola súa banda, o **convento das clarisas de Allariz** librouse da supresión por intercesión da raíña Isabel II. Grazas a isto conservouse a igrexa e o edificio conventual pero os restantes bens raíces foron desamortizados co conseguinte quebranto económico para as monxas.

## O retorno franciscano no contexto do renacemento católico español

A **Desamortización** abriu unha fenda entre a Igrexa e o Estado que rachaba con séculos de unión entre o poder político e o relixioso. O **Concordato** asinado en 1851 entre España e a Santa Sede relaxou as tensións e permitiu que no ano 1861 se establecese en Santiago de

de Compostela o **Colexio de Misioneiros para Terra Santa e Marrocos**. Dende esta institución franciscana levouse a cabo a restauración de conventos galegos desta Orde.

A Constitución redactada nos inicios da **Restauración borbónica** e promulgada en 1876 declarou ao Catolicismo relixión oficial do Reino. Este cambio de actitude do Estado cara á Igrexa favoreceu a recuperación de boa parte das posicións perdidas por esta nas décadas de 1830-1840 e durante o Sexenio democrático (1868-1874). Neste contexto de "**renacemento católico**" produciuse a **restauración das ordes relixiosas** tradicionais, coma os franciscanos, e mesmo o establecemento doutras sen implantación anterior.



Fachadas da igrexa gótica de San Francisco e da capela da Orde Terceira na súa localización orixinal nas faldras de Montealegre. AHPOu, Colección fotográfica.

Os franciscanos volveron á cidade de **Ourense**, como xa vimos, e á vila de **Ribadavia**. Neste caso o bispado entregoulles en 1915 a administración da igrexa do antigo **Convento de San Antonio**. Un ano máis tarde os frades adquiriron a parte do edificio conventual que quedaba en pé. Reparárono e instaláronse de novo na vila do Avia, onde tamén reinstituíron a Venerable Orde Terceira e crearon a Xuventude Antoniana.